



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Persoal

Modificación do cadro de persoal para o ano 2021

ANUNCIO

MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL PARA O ANO 2021

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 30 de setembro de 2021, aprobou definitivamente a modificación do cadro de persoal para o ano 2021, que fora publicado no Boletín Oficial da Provincia de 30 de abril de 2021.

A modificación aprobada definitivamente supón os seguintes cambios con respecto á publicada:

- Suprímense dúas (2) prazas de técnico de administración xeral e se transforman respectivamente nunha praza de técnico de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, denominación técnico/a en programación deportes, grupo A2 de titulación, e nunha praza de técnico de xestión, administración xeral, subescala xestión, grupo A2 de titulación.
- Suprímese unha praza de uxier, funcionario de administración xeral, subescala subalterna, agrupacións profesionais, unha de oficial xardineiro, pertencente á escala de administración especial, subescala servizos especiais, persoal de oficios, parques e xardíns, grupo C2 de titulación, e unha de auxiliar de inspección de servizos, escala de administración especial subescala de servizos especiais, cometidos especiais, sanidade e medio ambiente, grupo C2 de titulación, e se substitúen por tres prazas de auxiliar administrativo, escala administración xeral, subescala auxiliar, grupo C2 de titulación.
- Suprímese unha praza de conserxe, persoal funcionario da escala de administración xeral, subescala subalterna, grupo C2 de titulación, e tres (3) prazas de conserxe laboral.
- Suprímense tres (3) prazas de cabo do servizo municipal de extinción de incendios, da escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, extinción de incendios.
- Por último, modifícase a denominación de catro (4) prazas de oficiais carpinteiros, da escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, da brigada de vías e obras, que pasan a denominarse oficiais de servizos múltiples.

O que se publica en virtude do que dispón o artigo 127 do RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2021.

A concelleira-delegada de Economía e Facenda, Persoal,

Contratación e Modernización da Administración Local

(P.D. Dto. Alcaldía 17/06/2019)

Marta Abal Rodríguez

2021/7486